REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 30.11.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
27 NOV. 2018
Núm. 12442

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Proposicións non de lei

1.1 32569 (10/PNC-002662)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xerados pola estación depuradora de augas residuais de Vilagarcía de Arousa, así como a ampliación comprometida
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018

1.2 36686 (10/PNC-002941)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a defensa da pesca de quenlla por parte da frota de palangre, así como a clarificación técnica da interpretación da normativa que prohíbe a práctica denominada "finning" e a súa aplicación ao resto de frotas mundiais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018

1.3 36694 (10/PNC-002945)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ao Ministerio de Fomento das actuacións necesarias destinadas a solucionar a problemática da potencia das embarcacións de recursos específicos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018

1.4 36752 (10/PNC-002951)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a demanda ao Goberno español da transferencia a Galicia dos denominados portos de interese xeral de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao, así como os recursos, funcións e servizos actualmente encomendados a eles
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018
Publicación correccións, BOPG n.º 362, do 26.09.2018

1.5 37716 (10/PNC-003030)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 3 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
27 NOV. 2018
Núm. 12442

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en colaboración co sector e as universidades galegas, dun plan integral de apoio ao sector do mar afectado pola normativa europea que obriga ao desembarco da totalidade das capturas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

1.6 38059 (10/PNC-003049)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre o asinamento por parte do Goberno galego dun convenio coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da implantación de semente produtiva na ría de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

1.7 38253 (10/PNC-003065)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

1.8 39099 (10/PNC-003134)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego á Comisión Europea e á Comisión de Pesca do Parlamento Europeo da inclusión no Regulamento referido aos Fondos europeos do mar e da pesca, FEMP, de diversas cuestións prioritarias para o sector pesqueiro galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2018

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:
Marta Rodriguez Arias na data 27/11/2018 10:05:29

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias	P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago	P

Secretaria

Julia Torregrosa Sañudo	EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera	P
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Patricia Otero Rodríguez	S
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Quinteiro Araújo	EM
María Soraya Salorio Porral	P
María Dolores Toja Suárez	S
Daniel Vega Pérez	P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 30.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 32569(10/PNC-002662)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xerados pola estación depuradora de augas residuais de Vilagarcía de Arousa, así como a ampliación comprometida

Publicación da iniciativa, 329, 29.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32569
Data envio: 19/06/2018 14:24:08.699

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados e deputadas Marcos Cal Ogando, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo, Carmen Santos Queiruga e Luis Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte ***Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.***

Exposición de motivos

A cidadanía de Vilagarcía leva anos agardando a ampliación da depuradora local, unha ampliación prometida no Horizonte 2016-2021 pero da que aínda non hai previsión feita nin orzamento concedido.

O pasado luns 18 de xuño a depuradora volveu dar problemas, xerando un vertido insalubre e altamente molesto para a poboación local. Un fallo na planta de pre-tratamento obrigou a baleirar o contido na depuradora, que non tendo capacidade suficiente, ocasionou o vertido na ría.

A ampliación da depuradora vense solicitando dende hai anos, e a operación foi estimada en 2.000.000 na anterior lexislatura, pero non é a única demanda existente arredor da mesma. É fundamental dotar a depuradora de Vilagarcía dun sistema de tratamento terciario que permita o uso de gran parte da auga que alí chega.

As rías galegas non son só un espazo de biodiversidade que temos a obriga de coidar, senón unha fonte de recursos valiosísima da que dependen en gran medida moitas das poboacións costeiras galegas. Garantir a salubridade das rías é

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32569
Data envio: 19/06/2018 14:24:08.699

un compromiso non só ecolóxico ou sanitario senón económico para ca cidadanía galega.

Polo exposto presentase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta a :

1.- Iniciar un estudo en colaboración co Concello de Vilagarcía de Arousa para detectar as eivas da depuradora e detectar e estudar as solucións necesarias.

2.- Estudar a ampliación da depuradora incluíndo un sector de tratamento terciario.

3.- Incluír no orzamento do próximo ano unha partida suficiente para ampliar e mellorar a depuradora de Vilagarcía, dando solución aos problemas ocasionados pola súa falta de capacidade e engadindo un sector de tratamento terciario.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32569
Data envio: 19/06/2018 14:24:08.699

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Marcos Cal Ogando na data 19/06/2018 14:13:26

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/06/2018 14:13:40

Paula Quinteiro Araújo na data 19/06/2018 14:13:51

Carmen Santos Queiruga na data 19/06/2018 14:13:58

Luis Villares Naveira na data 19/06/2018 14:14:16

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 30.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 36686(10/PNC-002941)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a defensa da pesca de quenlla por parte da frota de palangre, así como a clarificación técnica da interpretación da normativa que prohíbe a práctica denominada "finning" e a súa aplicación ao resto de frotas mundiais

Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36686
Data envio: 13/09/2018 14:45:46.748

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

Todos sabemos que en España péscase quenlla e ademais, basicamente é a frota galega quen a captura, sempre de xeito sustentable e responsable.

Actualmente xerouse certa controversia a propósito de certos ataques de grupos ecoloxistas que forzaron a determinadas navieiras a poñer veto ao transporte deste pescado. Esta situación provocou que o noso sector tivera que explicar en Bruxelas a metodoloxía que emprega o noso país na pesca deste escualo, onde se aproveita todo o corpo e que nada ten que ver coas prácticas doutros países.

Temos que lembrar que a frota galega de palangre de superficie cumpre escrupulosamente a lexislación en vigor non practicando o finning, isto é, cortar as aletas de tiburón para rendemento económico e tirar o resto do corpo pola borda, que está totalmente prohibido na Unión Europea.

Trátase dunha medida imposta pola UE, e dende este grupo entendemos que lle resta competitividade co resto de frotas, polo que o sector e a administración sempre demandou que se estendese a prohibición ao resto de frotas mundiais, entre as que algunhas é ben coñecido que si practican o finning.

A nosa frota de palangre de superficie captura tiburóns de xeito sustentable, de feito non se capturan as especies de escualos máis vulnerables e aprovéitase integramente o que se captura.

Lembremos que ademais de ser alimento, a pel utilízase para artigo de coiro e xelatina, as súas espiñas para cosméticos, provisións médicas e para fertilizantes nitroxenados, as vísceras para aceites de lubricantes, e por último, os dentes empréganse tamén para accesorios.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36686
Data envio: 13/09/2018 14:45:46.748

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Recentemente déronse casos de detencións de buques en Sao Tomé e Príncipe e na República de Irlanda realizadas en base á existencia de discrepancias sobre a interpretación da normativa e da propia praxe dos buques galegos a respecto desta cuestión. Estas paralizacións deron lugar a custes para os armadores e perdas para os tripulantes, amais de xerar unha inquedanza e incerteza debido a inseguridade xurídica que deriva desas discrepancias.

É por isto que este Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que defenda a pesca de quenlla por parte da nosa frota de palangre e proceda a demandar da Comisión Europea a clarificación técnica da interpretación da normativa que prohibe a práctica coñecida como "finning".
2. Que traballe no seno da Unión Europea para que se estenda a aplicación da normativa europea nesta materia ao resto de frotas mundiais e así evitar que existan diferentes condicionantes para esta práctica pesqueira segundo a frota de cada país".

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:42:23

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:42:32

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2018 14:42:39

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:42:44

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:42:52

Marta Rodriguez Arias na data 13/09/2018 14:42:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36686
Data envio: 13/09/2018 14:45:46.748

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:43:09

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:43:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 30.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 36694(10/PNC-002945)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ao Ministerio de Fomento das actuacións necesarias destinadas a solucionar a problemática da potencia das embarcacións de recursos específicos

Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36694
Data envio: 13/09/2018 14:47:40.291

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

A actividade da flota que se dedica á extracción de recursos específicos (percebe, navalla, algas, ourizo e poliquetos) ven marcada pola nula influencia da potencia do motor na actividade pesqueira, xa que a embarcación é un mero medio de transporte.

A limitación da potencia pode constituír un problema de seguridade para escapar de zonas de faena sumamente perigosas como rompentes en roca ou praias, polo que se estaba negociando co anterior Goberno central a posibilidade de realizar cambios á lista 4ª (auxiliares de pesca e acuicultura) para evitar esa limitación e poder así eliminar a barreira imposta pola normativa pesqueira.

Dita negociación atopábase nunha fase avanzada. De feito, o pasado mes de maio, a *Subdirección General de Competitividad y Asuntos Sociales* expuxo, nunha reunión celebrada na *Secretaría General de Pesca*, esta posibilidade a todas as comunidades autónomas, co compromiso de aclarar a súa definición.

Consideramos que é necesario ultimar este tema co *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (Secretaría General de Pesca)* e co *Ministerio de Fomento (Dirección General de la Marina Mercante)*, como órgano competente na inscrición das embarcacións nas listas de buques e en materia de navegación e seguridade. Débeselle dotar de continuidade co fin de solucionar unha situación de inestabilidade que afecta a unha parte importante da flota galega (máis de 500 embarcacións).

É por iso que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e do Ministerio de Fomento a continuación dos trámites necesarios para finalizar as modificacións normativas precisas, conforme á

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36694
Data envio: 13/09/2018 14:47:40.291

negociación mantida, de cara a darlle solución a problemática da potencia das embarcacións de recursos específicos".

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:26:13

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:26:21

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2018 14:26:31

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:26:36

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:26:43

Marta Rodriguez Arias na data 13/09/2018 14:26:50

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:26:58

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:27:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 30.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 36752(10/PNC-002951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a demanda ao Goberno español da transferencia a Galicia dos denominados portos de interese xeral de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao, así como os recursos, funcións e servizos actualmente encomendados a eles

Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018

Publicación correccións, 362, 26.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:52
Nº Rexistro: 36752
Data envio: 13/09/2018 16:52:55.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a demandar do Goberno español a transferencia a Galiza dos denominados portos de interese xeral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza posúe unha situación xeoestratéxica privilexiada. No ámbito marítimo non somos periferia, moi ao contrario, somos tránsito obrigado de todo tipo de embarcacións. Foron razóns de carácter político, respondendo a un modelo centralista, que ten anulado historicamente a inmensa potencialidade do noso sistema portuario.

En Galiza existen seis portos declarados de interese xeral do Estado, baixo a dirección de cinco Autoridades Portuarias: Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol-San Cibrao. Estes portos son un negocio moi rendíbel para o Estado.

Algúns datos: O movemento do tránsito total de mercadorías xerado nos portos galegos de dependencia estatal, sitúa á Galiza no segundo posto do Estado español.

Se consideramos especificamente o peixe fresco, Galiza ocupa claramente o primeiro lugar , así como en peixe conxelado avituallamentos e mercadoría xeral .

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:52
Nº Rexistro: 36752
Data envio: 13/09/2018 16:52:55.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As lonxas pertencentes a estes portos, que ao non estaren transferidos á Galiza seguen a dependeren das Autoridades Portuarias, e por tanto de Madrid, xeran millóns de euros.

É precisamente este, o pesqueiro, o ámbito no que máis destaca o noso país, descargándose miles de toneladas. Tamén, e por razóns obvias, ostenta Galiza un lugar destacado no embarque portuario de automóbiles para exportación, ou en número de pasaxeir@s embarcad@s e desembarcad@s en tránsito exterior.

Cómpre termos presente que en todo este tipo de operacións obtéñense importantes beneficios económicos por aplicación de taxas de atraque, fondeo, axuda á navegación, pasaxe, mercadoría, recepción de refugallos, carga e descarga, venda, concesións por instalación de naves e actividades industriais ou comerciais, e un longo etcétera.

Os cartos obtidos por estas operacións contrólanse e gástanse dende Madrid, en función dunhas prioridades nas que Galiza nunca figura.

En definitiva, a dependencia española dos portos galegos clasificados como "de interese xeral do Estado" fai perder @s galeg@s centos de millóns de euros, que alegremente pasan a fornecer as arcas do Estado español, sen retorno á Galiza.

Este modelo portuario, fundamentado na centralización en Madrid e na privatización de servizos, imposibilita calquera proxecto de futuro para o sistema portuario galego. Estes seis portos deben deixar de ser considerados como negocios rendíbeis para o Estado e pasar a ser alicerce do sistema portuario galego, de carácter público e ao servizo das grandes potencialidades que a nosa nación posúe en todo o referido ao tránsito marítimo, na súa vertente pesqueira, comercial e de servizos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:52
Nº Rexistro: 36752
Data envio: 13/09/2018 16:52:55.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é posíbel desenvolver unha política portuaria merecente de tal nome, mentres sigan a manter competencia estatal, dependendo de Madrid, estes seis portos declarados de interese xeral do Estado, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a reclamar do Goberno español, a través do mecanismo contemplado no artigo 150.2 da Constitución española, a transferencia á Galiza dos portos de interese xeral de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao, así como os recursos, funcións e servizos actualmente encomendados a eles."

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:52
Nº Rexistro: 36752
Data envio: 13/09/2018 16:52:55.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 16:50:09

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 16:50:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 16:50:15

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 16:50:16

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 16:50:18

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 16:50:19

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 30.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 37716(10/PNC-003030)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 3 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en colaboración co sector e as universidades galegas, dun plan integral de apoio ao sector do mar afectado pola normativa europea que obriga ao desembarco da totalidade das capturas

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 17:24
Nº Rexistro: 37716
Data envio: 27/09/2018 17:24:34.663

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo, Carmen Santos Queiruga, Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte ***Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.ª.***

Exposición de Motivos.

No 2019 comezará para o conxunto da frota europea, e polo tanto tamén para a galega, a obriga de desembarco da totalidade das capturas, esta normativa suporá unha modificación moi importante nos usos e maneiras da nosa frota e, sobre todo, unha nova problemática engadida á difícil supervivencia económica das nosas embarcacións.

Esta normativa, que compartimos no fondo e obxectivos que persegue de preservar o stock das especies ameazadas, en todo caso está sendo desenvolvida de forma que o interese de preservación quede a un lado para no fondo asistir ás demandas da piscicultura industrial, xa que logo a obriga de desembarco das especies e a súa prohibición, ao tempo, de venda para consumo humano, evidencia intención de acadar materia prima para as fariñas de pescado que serven de alimentación a piscicultura industrial.

Un recente estudo da Universidade de Santiago confirma o enorme impacto económico que suporá para a nosa frota, derivado en parte da non diversificación da norma en función do tipo de frota e aparello, este estudo conclúe que a perda económica para a nosa frota de baixura nas especies obxectivo (xarda, merluza, raia, ...) ascendería a máis de 60 millóns de euros anuais e podería afectar a máis de 11.000 traballadores do conxunto mar industria, polo tanto compre unha acción seria, organizada e sistemática para evitar na medida do posible estes prexuízos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 17:24
Nº Rexistro: 37716
Data envio: 27/09/2018 17:24:34.663

GRUPO PARLAMENTAR en marea

En base ao anterior, **En Marea** presenta a **seguinte Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a elaborar, en cooperación co sector e as Universidades galegas, un plan integral de apoio ao sector do mar afectado por esta norma, que permita abordar o impacto económico que a obriga de desembarco vai ter para a frota artesanal galega. Este plan debe contemplar, entre outros, dende os estudos para aplicar melloras técnicas nas embarcacións que permitan reducir os descartes, así como a financiación dos estudos científicos que permitan minimizar o impacto da norma logo da súa presentación ás autoridades europeas, ata os mecanismos de compensación económica ante as situacións de peche que se poidan provocar pola aplicación da norma.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Flora Maria Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e voceira s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 27/09/2018 17:21:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 17:24
Nº Rexistro: 37716
Data envio: 27/09/2018 17:24:34.663

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 27/09/2018 17:21:32

Flora María Miranda Pena na data 27/09/2018 17:21:40

Carmen Santos Queiruga na data 27/09/2018 17:21:48

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 30.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 38059(10/PNC-003049)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o asinamento por parte do Goberno galego dun convenio coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da implantación de semente produtiva na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:42
Nº Rexistro: 38059
Data envio: 03/10/2018 13:42:37.397

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seu deputado, José Manuel Pérez Seco, e das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A ría de Ferrol é un recurso natural e paisaxístico susceptible de aproveitamento primario para o sustento de varias familias nunha economía medioambientalmente sostible, ademais do aproveitamento como recurso turístico incuestionable.

Na actualidade existen aproximadamente cincocentas familias vivindo directamente do marisqueo na Ría de Ferrol, entre as que traballan na Confraría de Ferrol e a de Barallobre. Este colectivo leva loitando por unha ría sustentable moitos anos e seguen a facer propostas e suxestións que amplíen a súa capacidade económica sempre dunha forma sostible.

Desde hai moito tempo os lodos que se acumulan na ría de Ferrol, nomeadamente a causa do peche dos condutos de auga na Ponte das Pías, foi pechando os fondos, e polo tanto, reducindo a capacidade de marisqueo na zona. Ante esta situación as confrarías de Ferrol e Barallobre formularon ante a Mancomunidade de Municipios e outras administracións a necesidade de facer diferentes xestións cara á viabilidade da apertura de fondos e, en todo caso, para a plantación de semente en toda a ría que posibilite a renovación dos produtos marisqueiros. En efecto a devandita suxestión foi acollida polos concellos da Mancomunidade, así como pola Deputación Provincial da Coruña onde o presidente comprometeuse a asinar un Convenio ca Xunta de Galicia ao 50 %, sempre que a administración competente (Xunta a través da Consellería do Mar) puxese, polo menos, unha cantidade igual á da Deputación, órgano sen competencias específicas na materia pero disposta a achegar o seu esforzo porque son conscientes da importancia do marisqueo como sector produtivo.

Trátase, polo tanto, tendo en conta o amplo consenso de apoio a esta iniciativa, de implicar á Xunta de Galicia á sinatura do convenio coa Deputación para facilitar a apertura dos ditos fondos a través da renovación do produtos marisqueiros con novas sementes.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:42
Nº Rexistro: 38059
Data envio: 03/10/2018 13:42:37.397

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a asinar un convenio coa Deputación Provincial da Coruña para asignar unha cantidade, non inferior a 70.000 euros por cada administración, co fin de implantar semente produtiva na ría de Ferrol.

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/10/2018 11:47:20

María Dolores Toja Suárez na data 03/10/2018 11:47:32

Patricia Otero Rodríguez na data 03/10/2018 11:47:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/10/2018 11:47:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 30.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 38253(10/PNC-003065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38253
Data envio: 04/10/2018 18:36:12.314

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O sector pesqueiro da Provincia de Lugo é un dos principais motores económicos da Comarca da Mariña, onde se atopan dous dos portos máis grandes de Galicia : Burela e Celeiro, sen esquecer ó resto de portos da Comarca: Ribadeo, Foz, San Cibrao e O Vicedo.

Burela e Celeiro destacan, no só polo volume de ventas das súas lonxas, senón tamén pola súa importante flota, no que hai que salientar o elevado número de buques de gran tonelaxe, moitos deles faenando en augas internacionais e comunitarias, o que implica a necesidade de maior número de titulados náuticos-pesqueiros, así como un maior nivel de formación.

A demanda de persoal con formación para o sector pesqueiro vai en aumento e, como podemos ver no informe do SEPE do 1º, 2º e 3 trimestre do ano 2018 en Lugo, dentro das ocupacións de difícil cobertura a maioría destas son de profesionais do mar, pero non se trata dunha necesidade puntual senón que se mantén no tempo como se pode comprobar ao ver o histórico destes informes.

As actividades en materia educativa están transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia segundo Real decreto 523/2006 do 5 de maio (BOE n.º 123 do 24 de maio).

Se analizamos a oferta de formación para titulados de Ponte e Máquinas en Galicia, vemos que contamos cun centro de FP, onde se imparten ciclos da familia Marítimo-Pesqueira, todos eles nas provincia da Coruña e Pontevedra.

Os certificados de profesionalidades regulados polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, son o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais no ámbito da Administración laboral.

Acreditan o conxunto de competencias profesionais que capacitan para o desenvolvemento dunha actividade laboral identificable no sistema produtivo sen que iso constitúa unha regulación do exercicio profesional.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38253
Data envio: 04/10/2018 18:36:12.314

Teñen carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e son expedidos polo SEPE e os órganos competentes das CCAA.

Debemos de ter en conta tamén que os profesionais do mar deben de contar cos certificados de especialidade, que teñen por obxecto completar ou perfeccionar a formación en determinados temas relativos á seguridade ou habilitar para exercer determinadas funcións ou especialidades nos buques. Trátase de cursos, que unha vez realizados, tamén deben de ser actualizados periodicamente.

A Orde do 31 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a, pescador/a, patrón/oa local de pesca e patrón/oa costeiro/a polivalente da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 2 que a autorización, organización, seguimento, control e avaliación dos cursos e actividades formativas reguladas nesta orde, correspóndelle á Consellería en materia de pesca a través da Dirección Xeral con competencias en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro.

Así mesmo, a disposición derradeira primeira desta orde faculta á Dirección Xeral con competencias en materia náutico e marítimo-pesqueira para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento.

A Resolución do 15 de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, establece a modalidade de Teleformación para a obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro-pescador.

Se nos centramos na situación da formación Náutico-Pesqueira na Mariña lucense a situación é penosa, posto que:

1.- Non existe ningún centro que imparta Formación Profesional da familia Marítimo-Pesqueira, concentrándose todas as escolas nas Provincias da Coruña e Pontevedra.

2.- Non se está impartindo na actualidade ningún Certificado de Profesionalidade do sector na Comarca da Mariña.

3.-Hai anos na Delegación de Pesca de Celeiro levábanse a cabo cursos que agora desapareceron. Algúns dos cales se están a organizar a través de academias privadas.

4.-A infrautilización do centro Vicente Gradaílle de Celeiro, da Confraría de Pescadores de Celeiro, homologada pola Dirección de Mariña Mercante na Resolución do 14 de agosto de 2003.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38253
Data envio: 04/10/2018 18:36:12.314

5.- No caso de acceder á teleformación ofertada pola Consellería do Mar, deben desprazarse ás provincias da Coruña e Pontevedra para a realización dos exames presenciais.

6.- A oferta formativa, que case se pode definir como nula na comarca, obriga incluso a ter que realizar ou revalidar os cursos fóra da nosa Comunidade Autónoma, co conseguinte custo económico e co agravante da falla de tempo dos traballadores do mar, sobre todo no caso da pesca de altura onde deben de quedar en terra unha marea, para poder acceder a eses cursos sen os cales non poderían embarcar.

A pesar da importancia do sector pesqueiro na provincia de Lugo e a necesidade de persoal con titulación marítimo-pesqueira para cubrir a demanda da flota da Mariña lucense e garantir o relevo xeracional, a oferta formativa existente é non só insuficiente senón que supón un agravio comparativo co resto das provincias costeiras de Galicia.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense, no que se contemple a emisión de Certificados de Profesionalidade Marítimo-Pesqueira, organización de cursos para a adquisición e revalidación de competencias necesarias, creación dunha escola que imparta todos os grados formativos de actividades náutico-pesqueiras, e implantación da FP dual como a que xa está a funcionar en comunidades veciñas nesta especialidade.

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 04/10/2018 18:05:01

María Dolores Toja Suárez na data 04/10/2018 18:05:14

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38253
Data envio: 04/10/2018 18:36:12.314

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2018 18:05:24

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 30.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.8 39099(10/PNC-003134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego á Comisión Europea e á Comisión de Pesca do Parlamento Europeo da inclusión no Regulamento referido aos Fondos europeos do mar e da pesca, FEMP, de diversas cuestións prioritarias para o sector pesqueiro galego

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 39099
Data envio: 18/10/2018 17:06:09.834

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar polo Goberno galego diante do novo regulamento dos fondos FEMP.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego está levando a cabo unha política pesqueira que ten como consecuencias a discriminación e prexuízo constante do sector. Para cambiar a situación debe pasar a defender unha posición galega propia para que se recoñeza o status de Galiza como Zona Altamente Dependente da Pesca no contexto da UE, que evite a discriminación da nosa frota na actual PPC, no acceso aos recursos, na negociación de novos acordos pesqueiros con terceiros países, que busque un incremento de cotas pesqueiras diante da UE, derrogar o Principio de Estabilidade Relativa, paralizar os despeces, impedir o abandeiramento noutros países, a prohibición de pescar determinadas especies, blindar os dereitos da pesca tradicional, evitar a concentración oligopolista, e defender que o reparto de cotas se basee en criterios socioeconómicos vinculados as comunidades costeiras.

Na actualidade está sendo debatido na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo a proposta de reforma do Regulamento relativo aos Fondos Europeos do Mar e da Pesca, FEMP, polo que se derroga o regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 39099
Data envio: 18/10/2018 17:06:09.834

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Europeo e máis do Consello. De como quede finalmente este regulamento van depender cuestións moi importantes para o sector pesqueiro galego, en especial para a baixura, para a pesca artesanal.

Por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse á Comisión Europea e á Comisión de Pesca do Parlamento Europeo en demanda da inclusión no Regulamento relativo aos Fondos Europeos do Mar e da Pesca, FEMP, de cuestións prioritarias para o sector en Galiza como son:

O mantemento das contías dos fondos existentes, xa que a redución do volume orzamentario nunha nación pesqueira como a nosa tería un impacto negativo moi forte.

Que teña prioridade o aspecto social, ao igual que o económico e o medio ambiental.

Definición de pesca costeira artesanal baseada non só nos metros (na PPC 2014-2020, baseada só na eslora de 12 metros máximos da embarcación) senón no uso de artes de pesca sustentábeis, na distancia a costa, na pesca de produto fresco, na propiedade da embarcación de tipo familiar ou micro empresa, na tradición pesqueira.

Consideración de diferencia entre acuicultura intensiva de acuicultura extensiva, incluíndo nesta última ao marisqueo a pé e a flote, así como a mitilicultura.

Medidas de apoio ás paradas da flota pesqueira por motivos de tipo climático, accidentes, afectación de acordos pesqueiros, paradas técnicas, etc.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 39099
Data envio: 18/10/2018 17:06:09.834

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Exclusión da pesca e flora artesanal de TACs e Cotas.”

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 16:57:07

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 16:57:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 16:57:12

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 16:57:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 39099
Data envio: 18/10/2018 17:06:09.834

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 16:57:15

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 16:57:16